

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 8 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, relativa ao proxecto do parque eólico O Picoto, no concello de Arteixo (A Coruña), promovido por Cortizo Eólicas, S.L. (expediente IN661A 2011/28-1).

Visto o establecido na disposición transitoria primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, así como no artigo 12.3 do Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos,

RESOLVO:

Dar publicidade mediante esta resolución á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 1 de febreiro de 2021, relativa ao proxecto do parque eólico O Picoto, sito no concello de Arteixo (A Coruña), promovido por Cortizo Eólicas, S.L. (clave: 2011/0191), e que se poderá consultar na seguinte ligazón: <https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5-4º andar, 15781 Santiago de Compostela), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico subdireccion.enerxia@xunta.gal ou nos teléfonos 981 54 45 79/981 54 55 73.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2021

Paula Uría Traba

Directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

